

I. ACTIVIDADES CONFINADAS. PRIMEIRO DA ESO

ACTIVIDADE 1

- Iremos aprender sobre o coronavirus. Le o seguinte texto e responde as cuestións que aparecen ao final.

Coronavirus: orixe, evolución e por que non é igual ca a SARS e a MERS

O novo coronavirus covid-19 tivo a súa orixe na cidade de Wuhan, na China. A mediados do mes de decembro de 2019, as autoridades sanitarias de Wuhan detectaron unha serie de casos de pneumonía producida por unha causa descoñecida.

Nese momento orixinouse unha alarma sobre unha nova enfermidade descoñecida ata o momento. Tres meses despois producíronse máis de 150 000 casos e preto de 6000 mortos en todo o mundo, segundo os datos do Centro Europeo para o Control de Enfermidades (ECDC, polas súas siglas en inglés).

Unha primeira investigación posterior sobre a orixe desta enfermidade, publicada na revista *The Lancet*, determinou que se trataba dun novo tipo de virus, da familia Coronaviridae, emparentado coa síndrome respiratoria aguda severa (SARS) e coa síndrome respiratoria de Oriente Medio (MERS), pero que non é igual a ningunha delas.

Para investigalo estudaron 10 mostras xenéticas tomadas de pacientes procedentes de Wuhan que incluían oito xenomas completos e dous xenomas parciais.

Que é o novo coronavirus?

Os coronavirus son unha serie de virus chamados así pola súa forma, xa que teñen unha especie de coroa (como a dun reloxo) ao redor do virión, do «núcleo» do virus. Estes organismos conviven co ser humano desde sempre e hai moitos tipos deles, tanto animais como humanos.

Con todo, a primeira análise comparativa desta nova enfermidade determinou que o 2019-nCov (nome provisional do virus que finalmente foi denominado SARS-CoV-2) era «suficientemente distinto» dos outros dous betacoronavirus de gravidade detectados en humanos, a SARS e a MERS, para ser considerado como unha nova enfermidade: a covid-19.

O 2019-nCoV estaba estreitamente relacionado (cunha identidade do 88 por 100) con dous coronavirus similares á síndrome respiratoria aguda severa derivada do morcego (SARS), bat-SL-CoVZC45 e bat-SL-CoVZXC21, recollidas en 2018 en Zhoushan, leste da China, pero estaban máis distantes de SARS-CoV (aproximadamente 79 por 100) e MERS-CoV (aproximadamente 50 por 100).

«A análise filoxenética destes xenomas de 2019-nCoV e doutros coronavirus utilizouse para determinar a historia evolutiva do virus e axudar a inferir a súa probable orixe. Realizouse unha modelaxe de homoloxía para explorar as probables propiedades de unión ao receptor do virus», explican os investigadores no artigo publicado en *The Lancet*.

Coronavirus Wuhan, epicentro da crise da covid-19

O punto común dos primeiros casos de novo coronavirus foi o mercado da cidade chinesa de Wuhan, na provincia de Hubei: ese foi o epicentro da crise sanitaria declarada no ámbito mundial.

O mercado de Wuhan é un mercado de animais. De aí a importancia de indagar desde que animal «deu o salto» o coronavirus para infectar os humanos.

«Aínda que a nosa análise filoxenética suxire que os morcegos poderían ser o hóspede orixinal deste virus, un animal vendido no mercado de mariscos en Wuhan podería representar un hóspede intermedio que facilita a aparición do virus en humanos», explican os investigadores.

Con todo, tamén se barallou a posibilidade de que fose o pangolín o hóspede intermedio que facilitou a mutación do coronavirus.

Con todo, as secuencias xenéticas das mostras estudadas foron case idénticas debido a que compartiron máis do 99,98 por 100 da mesma secuencia, o que indica, segundo os investigadores «unha aparición moi recente do virus en humanos», que apenas tivo tempo de mutar.

«A evolución futura, a adaptación e a propagación do coronavirus xustifican unha investigación urxente», sinalan.

Redacción médica, 16 de marzo de 2020

1. Resume o contido deste texto.
2. Logo de leres o texto anterior, saberías explicar que é o coronavirus?
3. Segundo o documento publicado por *Redacción médica*, onde e como se iniciou esta doenza?

4. Como se sospeita que pasou aos humanos este virus?
5. Traballo de investigación:
De onde procede o nome de coronavirus?
- a) Que significa a abreviación covid-19? De que palabras procede? É un acrónimo ou unha sigla? Xustifica a resposta.
- b) Saberías indicar cales son os países máis afectados por esta enfermidade?
- c) Seguro que estes días escoitaches a moita xente referirse a esta doenza como pandemia. Poderías explicar o significado deste termo? En que se diferencia de epidemia?
- d) Enumera outras pandemias que afectaron a humanidade ao longo dos séculos e explica en que consistiron.
- e) É o mesmo un virus ca unha bacteria?
6. Busca no dicionario o significado das seguintes palabras:
confinamento, corentena, pneumonía, respirador, asintomático, pangolín, triaxe, hipocondríaco, infestar e infectar
7. Infectar e afectar son termos moi próximos no que respecta ás súas grafías. Saberías explicar como se chaman as palabras que responden a estas características?

ACTIVIDADE 2

- Le con atención o seguinte fragmento e realiza as actividades que aparecen ao final do texto.

Un temible, sorprendente, invisible e inesperado dragón asiático, coñecido como covid-19, rebelouse contra os humanos. Manifestouse por primeira vez na milenaria China. Logo de masacrar unha pequena parte desta inmensa poboación, iniciou a súa peregrinación, seguindo a milenaria Ruta da Seda, cara a Oriente Medio. Nestas terras arremeteu sen piedade contra os descendentes persas e, despois de deixar miles de vítimas, continuou silandeiro cara ao setentrión itálico, fumegando pola boca altas doses de dor e morte.

En pasando uns días de lecer na vella Europa, a covid peregrina quixo achegarse ata a fin da terra galaica. Mais ignoraba que, no noroeste

ibérico, nas terras castrexas do Pico Sacro, habitaba unha parella singular, moi popular dentro e fóra da bisbarra polas súas habelencias médicas. Ante a chegada do transmisor vírico, a veciñanza agardaba con infinda fe que o señor Botafumeiro e a señora Berenguela tivesen forza e sabedoría dabondo para derrotaren o maléfico peregrino. Estes doutos persoeiros, logo de consultaren as estrelas e de escoitaren o rumor das carballeiras da contorna, enviaron o seu paxe Xelmírez a terras mindonienses, para que se entrevistase co mago Merlín co gallo de que elaborase a beberaxe que había salvar os galaicos do pérfido intruso. Mais o vello sabio de Mondoñedo sinaloulle ao amigo visitante do pico sagrado que a solución ao problema que lle formulara se achaba nas terras burelás do Chao do Castro...

1. Existen os dragóns? Xustifica a resposta.
2. Cando se fala de dragón enseguida pensamos nun animal (fauna), pero tamén se emprega para referirse a certas especies vexetais (flora). Busca información e escribe o nome completo dalgunha destas plantas.
3. O dragón é un animal mitolóxico que ten moita relevancia na cultura chinesa. Cita outros países onde este ser fantástico goce da mesma importancia.
4. Os dragóns aparecen en moitas obras fantásticas, tanto literarias como de cine ou televisión. Investiga en Internet, escribe o título dalgunha destas obras e indica a que xénero pertencen (literatura, cine ou televisión). Despois, tira de imaxinación e debuxa o teu modelo de dragón.
5. Hoxe en día emprégase con certa frecuencia nos medios de comunicación a expresión «dragóns asiáticos». A que se refiren? Quen forma parte deses «dragóns asiáticos»?
6. A covid 19, tal e como se recolle no texto anterior, relaciónase con dúas rutas que marcaron o devir da historia da humanidade: a Ruta da Seda e o Camiño de Santiago. Redacta un breve texto onde achegues información sobre elas.
7. Colorea nun mapa os países que atravesaba a Ruta da Seda.
8. Busca en Internet un mapa da Península Ibérica no que aparezan os camiños de Santiago Primitivo e Francés e indica as principais localidades e provincias do Estado español que atravesaba cada un deles.

9. No texto dise que «a covid peregrino quixo achegarse ata a fin da terra galaica». Saberías indicar a que concello galego se refire? Busca en Internet un mapa político de Galicia e localiza este concello e mais o de Santiago de Compostela.

10. Na Idade Media houbo un personaxe veneciano que deu a coñecer en Europa as terras e culturas chinesas. Como se chama? Cal é o título da obra que publicou sobre as súas experiencias en Asia?

11. Busca en Internet e redacta un breve texto onde achegues información sobre o dragón chinés, Oriente Medio, Persia, Pico Sacro, Botafumeiro, Berenguela, Xelmírez e o mago Merlín.

12. Busca no dicionario o significado das seguintes palabras tiradas do texto:

rebelarse, manifestarse, matar, arremeter, silandeirol, setentrión, lecer, fumegando, castrexas, habelencias, bisbarra, infindo, maléfico, douto, esculcar, paxe, beberaxe, pérfido, intruso, acharse.

13. Agora que xa sabes o significado da palabra **douto**, localiza no texto un sinónimo desta.

14. Explica o significado dos seguintes enunciados:

a) «O dragón] avanzou silandeirol (...) fumegando pola boca altas doses de dor e morte».

b) «Logo (...) de escoitaren o rumor das carballeiras (...)».

15. Sinala todas as expresións que emprega o autor do texto para referirse á covid-19.

16. Quen é «o vello sabio de Mondoñedo»? E «o amigo visitante do pico sagrado»?

17. A figura do **mago Merlín** está presente en moitas obras da literatura universal. Busca en Internet información sobre este personaxe. Serías quen de citar unha novela da literatura galega, escrita por un home que está sentado na praza da catedral de Mondoñedo, que teña como protagonista este mago? Saberías dicir o nome dese home?

18. Escribe no seguinte cadro os **determinantes** que se indican procedentes do fragmento inicial desta actividade:

Artigos	Demostrativos	Posesivos	Indefinidos	Numerais

19. Escribe nos seguintes cadros os **substantivos** e **adxectivos** que figuran no texto anterior:

Substantivos	Adxectivos

20. Localiza no mesmo texto e escribe no cadro seguinte **10 formas verbais** distintas:

Verbos

21. Indica o **feminino** de «mariñáns» e de «mindonienses».

22. PRODUCCIÓN TEXTUAL

- Continúa o relato que aparece ao comezo da **actividade 2** (extensión aproximada de **150–200 palabras**).
- Redacta un texto no que expliques de forma máis ou menos detallada a túa viaxe ideal (extensión aproximada **200–250 palabras**).